




DOCUMENTO INFORMATIVO SOBRE OS RECUPERADORES DE CALOR:

Os recuperadores de calor son equipos de renovación de aire que serven para garantir unha calidade do aire interior cun mínimo custo enerxético: aproveitan a calor do aire de saída (climatizado) para realizar un prequentamento do aire de entrada e sen mesturar os fluxos de aire. O intercambio de calor faise a través dun intercambiador de placas.



No intercambiador de placas os fluxos de aire pasan a través dunhas aletas metálicas, de xeito que hai pasos diferentes para o aire de entrada e o aire de saída. A transferencia de calor prodúcese a través da conduction térmica das chapas metálicas e é así como se consegue aproveitar a calor sen que o aire contaminado vaia cara ao interior.



A calidade de aire interior conséguese renovando o aire interior con aire exterior correctamente filtrado e tratado termicamente.

Posibles orixes de contaminación do aire interior:

- Radon
- Volátiles de materiais de equipamento, construción etc.... (formaldehidos, disolventes etc...
- Volátiles de tintas, tóner etc.
- Perfumes e produtos cosméticos
- Virus

Posibles orixes de contaminación do aire exterior:

- Po
- Pole
- Outras partículas en suspensión (escapes de coche, chemineas etc.)



A apertura de fiestras permite renovar o aire sen filtración, mentres que a renovación mecánica garante que non entre po, pole nin outras partículas en suspensión.

Gráfico de calidade do aire o pasado 16/03/2022 coincidindo coa calixe sahariana



A UDC incorpora normalmente recuperadores de calor con *by-pass* para unha ventilación de refresco gratuita (*free-cooling*). Isto permite realizar a recuperación cando interesa meter aire fresco ao interior, para paliar os efectos do quentamento polo sol ou pola presenza de equipamento ou de usuarios que xeran calor. Neste caso o aire tamén pasaría ao interior debidamente filtrado.